

CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO AO ESTUDO PARA O ANO 2025

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicarase o extracto da convocatoria cuxa documentación completa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro. - Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas de apoio ao estudo as persoas físicas pai, nai, titor/a, familia acolledora ou calquera outro que ostente a patria potestade ou tutela dun/dunha ou varios menores con padrón no Concello de Arzúa e que teña escolarización nos niveis de infantil, primaria ou secundaria obrigatoria en algún dos centros educativos do concello de Arzúa.

Deberán cumprir ademáis os seguintes requisitos: padrón no Concello de Arzúa, estar ao día do pago das obrigas tributarias co Concello, cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e non superar os ingresos que establece o baremo económico na base 7.

Segundo. -Finalidade

A finalidade das axudas é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas presenten maiores dificultades para afrontar os gastos derivados da escolarización dos seus fillos e fillas, promovendo así accións que contribúan ao benestar social, paliando as diferenzas sociais e os riscos de exclusión social e favorecendo a integración dos nenos e nenas no sistema educativo.

Terceiro. - Bases reguladoras

As aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14 de agosto de 2025.

Cuarto. - Importe

Para a financiación deste programa de axudas establécese un crédito de contía de 10.000€, sen prexuízo de que se poida ampliar dita axuda , efectuándose con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2025 na aplicación orzamentaria 231.480.03.

Quinto. - Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto 10 días a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En Arzúa, a 14 de agosto de 2025

O Concelleiro de Benestar Social;

José Luís García López.